



RESOLUCION DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DUNHA VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) CUALIFICADA EN BARRIOS HISTÓRICOS CORRESPONDENTES AO EXPEDIENTE LU-2013/CH01 NO CONCELLO DE LUGO.

Vista a documentación que obra nesta Comisión Provincial relativa á promoción de referencia, e de conformidade co establecido no artigo 22 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas a Comisión Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 22 de setembro de 2017

ACORDA

Iniciar o proceso de selección de adxudicatarios da VPP cualificada como barrios históricos (Tinería) do expediente LU-2013/CH01, que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

PRIMEIRO.- Características da vivenda

Número de vivendas: 1

- Localización da vivenda: Recanto do Miño, 15, concello Lugo.
- Superficie útil da vivenda: 45,80 m² . 1 dormitorio. Sen garaxe e sen rocho
- Sortearase a vivenda para unidades familiares con 1-2 membros e a lista de espera estará integrada 25 candidatos non seleccionados como adxudicatarios.

SEGUNDO.- Condicións dos beneficiarios/as

Poderán acceder a estas VPP as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade ou menores emancipados que cumpran os requisitos do artigo 3.1 d) do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar/convivencial , reúnan os seguintes requisitos:

1. Atoparse inscrito ou anotado no Rexistro Único de Demandantes na data da Resolución de inicio da Comisión Provincial de Vivenda na sección 2ª do Rexistro.
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar entre 1 e 2,5 veces o IPREM.
3. Residir ou traballar no concello onde se localizan as vivendas, excepto no caso de emigrantes que desexen retornar e que acrediten residir fora de Galicia por un tempo non inferior a cinco anos.
4. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Excepcionalmente, poderan acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional

declarada polo organismo competente en materia de vivenda (art.64.1 da lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).

b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012, do Instituto Galego da Vivenda Solo.

Se resultan adxudicatarios quedan obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda, que a poderá aceptar ou non.

De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgunha desta circunstancias:

a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafuizamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.

b) Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

TERCEIRO.- Cualificación das vivendas

As vivendas foron cualificadas provisionalmente por resolución do xefe territorial con data 22 de febreiro de 2013 como: Vivendas de promoción pública cualificadas en barrios históricos.

CUARTO.- Réxime de adxudicación das vivendas da promoción

As vivendas adxudicaranse en arrendamento, agás nos casos de transmisións de vivendas previstos no artigo 48.2 do Decreto 253/2007.

QUINTO.- Condicións xerais de carácter económico

a) Os contratos de arrendamento terán unha vixencia de cinco anos prorrogables por períodos anuais e estará prohibido en todo caso a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións a que houbera lugar.

b) A renda inicial anual será a que resulte de lle aplicar o 3% ao que sería o prezo de venda da vivenda e anexos, no seu caso, determinado de acordo co establecido no capítulo VI do Decreto 253/2007.

c) A firmeza da adxudicación estará condicionada á sinatura do correspondente contrato de arrendamento, previo pagamento por parte do/a adxudicatario/a da fianza e dos impostos correspondentes..

SEXTO.-Reservas

Non se fai ningunha reserva das establecidas nos artigos 74 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e artigo 34 do Decreto 253/2007.

SÉTIMO.- Procedemento de adxudicación

De acordo co previsto no Decreto 1/2010 o procedemento de adxudicación será o de sorteo entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes con inscrición expedida ata a data de hoxe e que reúnan as demais condicións descritas no criterio segundo desta resolución de inicio do proceso de selección de adxudicatarios de VPP correspondentes ao expediente LU-2013/CH01, no concello de LUGO.



O sorteo celebrárase ante notario o día 21 de decembro de 2017, ás 9,00 horas da mañá, no Instituto Galego da Vivenda e Solo, sito en Ramón Ferreiro, 28. Lugo.

Unha vez rematado o sorteo procederase á publicación da lista provisional de adxudicatarios e da lista de espera.

Realizados os trámites previstos nos artigos 24, 25 e 26 do Decreto 1/2010 esta Comisión Provincial ditará resolución aprobatoria das listas definitivas de adxudicatarios e de espera, que se publicará de igual forma que a lista provisional.

Determinación das vivendas (art. 28 do Decreto 1/2010).

Logo do sorteo, de ser o caso, procederase á determinación da vivenda que lle corresponda a cada adxudicatario tendo en conta a mellor adecuación das vivendas á composición familiar ou convivencial. Esta determinación comunicárase aos adxudicatarios xunto coas características da vivenda, réxime de adxudicación e prezo de venda ou renda. Na mesma notificación advertirase aos interesados que teñen un prazo de QUINCE DÍAS hábiles para aceptar ou renunciar á adxudicación.

A lista de espera terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

OITAVO.-Publicidade e reclamacións

A publicidade realizarase nos taboleiros de anuncios do concello, nos das áreas provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo e na páxina web do organismo, e substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tras a publicación da lista provisional na forma indicada, os/as solicitantes que se consideren prexudicados/as no seu dereito disporán dun prazo de dez días para presentar reclamación ante a Comisión Provincial de Vivenda, que deberá adoptar a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses.

Lugo, 22 de setembro de 2017

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda
Javier Arias Fouz

Documento asinado electronicamente